

Mar Barcón: “para Galicia hai un antes e un despois da chegada do socialismo ao goberno da Xunta”



“Galicia non existiu para o PP ata o Prestige e despois houbo tan só un intento de poñer carteis nalgunhas estradas decindo o que ían facer, tras dezaséis anos de non facer nada, nin un investimento”.

A Coruña, 2 de agosto de 2008.- A secretaria de Organización do PSdeG-PSOE, Mar Barcón, manifestou “a lelicia e a celebración dos socialistas galegos polos resultados acadados na entrevista entre o presidente Touriño e o presidente José Luis Rodríguez Zapatero”. Barcón explicou que “non só son compromisos coa alta velocidade, senón tamén algo máis: a concreción da continuidade que ten tido o compromiso dos socialistas con Galicia”.

Segundo dixo, “o feito de dar as datas exactas e os investimentos exactos dos diferentes tramos da alta velocidade, é un novo paso nesa aposta polo desenvolvemento das infraestruturas viarias, portuarias, aeroportuarias... que teñen acadado ámbolos dous gobernos dende que están presididos por dous socialistas”.

E engadiu que “para Galicia hai un antes e un despois da chegada do socialismo ao goberno da Xunta”. “Facía moitos anos, concretamente dende que o goberno de Felipe González dera un importante pulo coa súa aposta polas autovías, que non se apostaba tanto por Galicia, os gobernos populares non se comprometeron cos galegos e as galegas”, afirmou.

Barcón considerou que o PP “tanto co Sr. Aznar como co Sr. Fraga, dedicouse tan só a pasear polo país” e afirmou que “Galicia non existiu para os populares ata o Prestige, ata entón foi só un video publicitario e despois houbo tan só un intento de poñer carteis nalgunhas corredeiras e estradas decindo o que ían facer, tras dezaséis anos de non facer nada, nin un investimento”.

E explicou que “co presidente Zapatero e o presidente Touriño as cousas mudaron: comezaron as obras do AVE e puideron decir, antonte, mirando aos ollos aos galegos e galegas, que no 2012 a alta velocidade chegará a Galicia. Puidéronolo decir porque a meirande parte dos tramos están en obras e porque ao longo do 2009 se licitarán tódolos tramos restantes”.

A secretaria de organización socialista lembrou tamén que cos gobernos do PSOE “chegaron as dúas grandes infraestruturas portuarias de Ferrol e A Coruña, quitárose as peaxes de Rande e A Barcala e están cumprindo un por un tódolos compromisos con Galicia “. E asegurou que “haberá novamente ese 8% de investimento dedicado a Galicia, que nunca recibira tanto do Estado”.

Informe do Consello de Contas.

E contrapuxo os compromisos do PSOE ao informe que cualificou como “completamente demoledor” do Consello de Contas sobre o último Goberno do ex presidente da Xunta, Manuel Fraga. Un Informe que asegurou “deslexitima ao actual líder do PPdeG, Alberto Núñez Feijoo, para falar aos galegos, non polo Partido Socialista, senón polo Consello de Contas, despois de que fixese público o espello do Goberno de Núñez Feijóo”. E engadiu, que reflicte “a mala utilización dos fondos públicos e o desprezo absoluto polas necesidades dos galegos e a legalidade”.

Neste sentido, recordou que revela “contratos ao bordo da legalidade, convenios opacos e sen seguimento, discrecionalidade á hora de elixir practicamente a dedo as empresas que levaban a cabo os investimentos e obras, así como a modificación de contratos e obras a posteriori”, concluíu.